



ACTA DA SESIÓN DO SORTEO CELEBRADO PARA DIRIMIR O EMPATE XURDIDO NO PROCEDEMENTO DE INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO PERCEBE, MODALIDADE DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE LAXE

Lugar: Departamento Territorial da Coruña da Consellería do Mar
Rúa Ramón y Cajal, 2 – 5º andar (Casa do Mar) – A Coruña

Data: 9 de xuño de 2025

Hora do sorteo: 10:00 h (en primeira convocatoria) - 10:30 h (en segunda convocatoria).

Medio de celebración: sorteo presencial

Asistentes:

- Representando á Consellería do Mar (Xefatura Territorial da Coruña):
 - Miguel Gómez Losada (xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro, que actúa como presidente do sorteo)
 - Manuel Rivas Canzobre (xefe de Sección de Formación Pesqueira, que actúa como secretario do sorteo).
- Non acude ningunha persoa armadora ou representante das embarcacións empatadas.

Embarcacións aspirantes empatadas:

Embarcación	Matrícula	Folio	Total
AVE S	CO-3	3-20	10,00
ISAAC	CO-3	1600	10,00
O SALMONETE	CO-3	2-11	10,00

Consideracións legais e técnicas

1. A comunicación do 04.06.2025 do Departamento Territorial da Consellería do Mar da Coruña acordou a celebración dun sorteo para dirimir o empate no procedemento de incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Laxe.

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal





2. O apartado A.8 do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos establece que *"En caso de empate na puntuación obtida, resolverase en presenza das persoas afectadas pola dita situación"*.

Celebración do sorteo

Na data, hora e lugar sinalados enriba, celebrouse o sorteo en segunda convocatoria baixo a actuación do presidente e do secretario.

O transcurso da sesión desenvólvese do seguinte xeito:

1. Ás 10:00 h, hora da primeira convocatoria do sorteo, compróbase que non acudiu ningunha persoa armadora ou representante das embarcacións empatadas polo que se agarda á segunda convocatoria para realizar o sorteo.
2. Ás 10:30 h, en segunda convocatoria, compróbase que non acudiu ningunha persoa armadora ou representante das embarcacións empatadas e iníciase o sorteo.
3. Amósanse e lense en voz alta as papeletas co nome de cada unha das embarcacións e marcas externas (matrícula e folio) que entran a formar parte deste sorteo.
4. Introducíronse todas as papeletas co nome das embarcacións nunha bolsa opaca e remexéronse para unha disposición aleatoria. Posteriormente, solicitouse a unha persoa representante da administración ausente da sala de preparación do sorteo que entrara na mesma e extraera da bolsa unha a unha cada papeleta.
5. Queda establecida a seguinte orde de prelación das embarcacións de acordo ca orde de extracción das papeletas:

Orde de prelación	Embarcación	Matrícula	Folio
1	AVE S	CO-3	3-20
2	ISAAC	CO-3	1600
3	O SALMONETE	CO-3	2-11

6. Ás 10:35 h finaliza o sorteo.

O Secretario
Manuel Rivas Canzobre
(Sinatura electrónica)

Visto e prace,
O Presidente
Miguel Gómez Losada
(Sinatura electrónica)

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal

